

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Á vista do expediente de concesión de subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de accións de orientación laboral, ao abeiro da Orde do 10 de xaneiro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria no exercicio 2019.

Á vista das baremacións do Servizo de Orientación Laboral das persoas preseleccionadas para o relevo de Felisa López Villar, que non acadan a puntuación mínima total en currículo (3,5 puntos) e non habendo máis persoas candidatas,

RESOLVO

PRIMEIRO. Iniciar un novo proceso de preselección de candidatos/as para a contratación de persoal técnico de relevo para a realización de accións de orientación laboral, a través da publicación no Boletín Oficial da Provincia dos propios criterios de selección establecidos no artigo 12 da dita orde de convocatoria e instrucións operativas elaboradas polo Servizo de Orientación Laboral da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

SEGUNDO. Aprobar como criterios de preselección os establecidos na propia orde de convocatoria, considerando que os requisitos imprescindibles para superar a baremación do currículo son os seguintes:

- Requisitos de titulación: Título de licenciada/o universitaria/o, arquitecta/o, enxeñeira/o ou grao.
- Requisitos de puntuación: Acadar unha puntuación mínima total en currículo de 3,5 puntos:

FORMACIÓN ESPECÍFICA(MÁXIMO 3 PUNTOS)	PUNTUACIÓN
Máster, cursos en materias relacionadas co posto ofertado	0,20 puntos por cada 30 horas formativas
EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁXIMO 4,75 PUNTOS) A experiencia profesional deberá acreditarse a través de copia do contrato de traballo no que se acredite experiencia profesional polo desempeño dunha ocupación igual ou equivalente á requirida, das recollidas na CNO. No caso de traballadores autónomos: copia alta IAE (e actualización) e copia de facturas nas que consten os servizos prestados. Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social ou servizos sociais, estes deberán acreditarse mediante certificación de organismos oficiais na que deberá constar o tempo de realización, e no seu caso, copia das condicións da convocatoria.	PUNTUACIÓN
Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: Técnicos de orientación: orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, etc.	0,40 puntos por cada mes
Por cada mes realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado (máximo 2 puntos neste epígrafe)	0,10 puntos por cada mes
ÁMBITO DAS TIC (MÁXIMO 2 PUNTOS) Os coñecementos acreditaranse mediante a achega de títulos, diplomas e/ou certificacións académicas. A experiencia deberá acreditarse a través de copia do contrato de traballo no que se acredite experiencia profesional polo desempeño dunha ocupación relacionada ou compatible coa xestión de perfiles en redes sociais ou en espazos web para a publicación de contidos (blogs, wikis...). No caso de traballadores autónomos: copia alta IAE actualizada e copia de facturas nas que consten a prestación destes servizos. Cando o órgano xestor o considere necesario, poderá solicitar adicionalmente a presentación dos enlaces que permitan o acceso ás publicacións realizadas ou outro tipo de acreditación da experiencia alegada.	
COÑECEMENTOS OFIMÁTICOS DEBIDAMENTE ACREDITADOS (Máximo 1 punto neste epígrafe).	PUNTUACIÓN
Pola titulación universitaria en enxeñaría informática, tecnoloxías da información ou telecomunicacións.	1 punto
Pola titulación oficial de persoa técnica/ técnica superior relacionada coa familia informática e comunicacións.	0,50 punto
Pola titulación oficial de persoa técnica/ técnica superior relacionada coa familia informática e comunicacións.	0,20 puntos por cada curso
EXPERIENCIA (MÁXIMO 1,5 puntos neste epígrafe).	
Experiencia acreditable na publicación ou xestión de espazos web ou perfiles en redes sociais relacionados coa información, orientación e busca de emprego	0,25 puntos por cada seis meses con actividade acreditable
OUTROS MERITOS (MÁXIMO 0,25 PUNTOS)	PUNTUACIÓN
CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado	0,25 puntos
DISCAPACIDADE (MÁXIMO 1 PUNTO)	PUNTUACIÓN
Por ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, e a compatibilidade entre a discapacidade e o desenvolvemento das tarefas e funcións do posto mediante o correspondente certificado do órgano competente	1 punto



TERCEIRO. Publicar os criterios de selección establecidos na propia orde de convocatoria, na páxina web do Concello (<https://www.vianadobolo.gal/portal-cidadan/index/gl>), e un extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, concedendo un prazo de 10 días para a presentación de instancias a contar dende o día seguinte á súa publicación no BOP. **As instancias poderán ser presentadas por calquera dos medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 30/2015,** de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. En caso de presentar a solicitude por algún de ditos medios, **deberá ser comunicado ó Concello de Viana do Bolo por correo electrónico (concello.vianadobolo@eidolocal.es), achegando o xustificante do envío.**

CUARTO. Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión de candidatos, a Alcaldía aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos que se exporá na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios para maior difusión, con indicación no seu caso, do prazo de emenda de tres días hábiles, con apercibimento de que se non se fixera, arquivarase sen máis trámite de conformidade co artigo 21 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e das Administracións públicas.

Transcorrido o prazo de emenda, pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que será publicada no taboleiro de edictos do Concello e na súa páxina web para maior difusión.

QUINTO. Concluídas as baremacións e a fase de preselección, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal o resultado da mesma e a orde dos aspirantes de acordo coa súa puntuación, elevando proposta de persoa candidata preseleccionada para a súa remisión ao Servizo de Orientación Laboral para a súa baremación final.

Si a persoa candidata preseleccionada acada unha puntuación mínima total en currículo de 3,5 puntos polo Servizo de Orientación Laboral, procederase á súa contratación.

As/os candidatas/os que superen o proceso de preselección, formarán parte dunha bolsa de emprego para cubrir posibles baixas, relevo e substitucións ordenadas segundo a puntuación obtida.

Viana do Bolo, 28 de Novembro de 2019

O Alcalde. Secundino Fernández Fernández

Perante min: A Secretaria. Clara Ortega Fernández

Asinado dixitalmente á marxe

